

# BANDO

## NOVO PRAZO

### PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGO ÚNICO POR FILLA/O A CARGO MENOR DE 3 ANOS

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Traballo e Benestar**, abriu de novo o prazo de presentación de solicitudes da **Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos para o ano 2015**.

#### Requisitos:

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude os/as nenos/as convivan coa persoa solicitante
- Que os fillos/as sexan menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2015 (nacidos entre o 2/1/2012 e o 1/1/2015, inclusive)
- Que durante o ano 2013, ningún membro da unidade familiar presentase declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período (por estar obrigados ou presentala de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso).

#### Tipo de axuda e contía:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

#### Documentación a achegar coas solicitudes:

##### ▪ Novas solicitudes:

- \* Libro de familia
- \* Certificados de empadramento conxunto de toda a unidade familiar.
- \* Sentencia de separación ou divorcio, se é o caso
- \* Resolución da Adopción ou Tutela, se é o caso
- \* Código IBAN da conta bancaria.
- \* Declaración de Axudas, de non ter débedas coa Seguridade Social e Autorización para a verificación de datos en Facenda

##### ▪ Perceptores/as no ano 2014:

- \* Resolución do ano anterior co número de expediente
- Se variaron as circunstancias acreditación documental

#### Prazo:

Do 8 de setembro ao 8 de outubro

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 11 a 14 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas**.

Pontecesures, 8 de setembro de 2015

